



DÍA INTERNACIONAL  
DA FIBROMIALXIA  
E DA SÍNDROME DE  
FATIGA  
CRÓNICA  
2018

Con motivo do **Día Internacional da Fibromialxia e da Síndrome de Fatiga Crónica**, alzamos de novo unha única voz para reivindicar os nosos dereitos cidadáns, denunciar as diferenzas do Sistema Sanitario e Social e facer propostas para mellorar os Plans de atención sanitaria e de cobertura social como pasos necesarios para mellorar a nosa calidade de vida e das nosas familias.

Esta única voz que se canaliza a través das Asociacións de pacientes que, ao longo de todo o ano, recollen todas as nosas inquietudes e problemáticas para poder elaborar este Manifesto.

Manifesto que fala do drama humano que conleva o padecer unhas enfermidades que causan fatiga e dor crónica, agravado polo feito de que, por ser invisibles, xeneran incompreensión ou indiferenza, creando estereotipos e prexuízos que levan a que se nos considere enfermos de segunda, por un lado, e ao rechazo social e laboral por outro.

Se ben é de xustiza destacar que a nosa situación de indefensión ante a enfermidade foi diminuíndo por unha maior implicación e compromiso por parte de institucións, profesionais, sociedade... o camiño por percorrer aínda é longo e angosto, aínda que menos que a nosa determinación. Así cargamos as nosas alforxas para este próximo ano con algunhas das nosas principais premisas:

- \* A dor que máis nos doe continúa sendo a da INCOMPREENSIÓN, que aínda persiste. Por iso reclamamos o RESPETO en todos os ámbitos da sociedade,.



comezando polo cidadán anónimo, pasando polos profesionais sanitarios e sociais, empresarios e sindicatos, científicos e investigadores, ata chegar ás institucións públicas como garantes dos nosos dereitos

- \* Afirmamos, unha vez máis, que a enfermidade e os enfermos non teñen **NACIONALIDADE** e, por iso, non deben existir diferenzas entre Comunidades Autónomas e é indispensable:
  - Garantir o **ACCESO UNIVERSAL** dos pacientes de fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica ao Sistema Público Sanitario e Social.
  - Garantir a **EQUIDADE** do Sistema en todas as Comunidades Autónomas, mediante protocolos únicos de diagnóstico, tratamento e prevención; medidas de inserción laboral e criterios de avaliación de discapacidade, invalideces e dereitos a prestacións sociais.
  - Garantir a **CALIDADE** na atención dos pacientes por parte dos servizos socio-sanitarios, cos medios humanos e técnicos necesarios.
- \* Mantemos que queremos ser **CORRESPONSABLES** da nosa saúde e da nosa calidade de vida. Polo tanto, queremos participar na planificación das políticas sanitarias e sociais, e nos Plans Directores de aplicación.
- \* Reafirmámonos na necesidade de **CREAR SINÉRXIAS** con todos os afectados por enfermidades que cursan con Dor Crónica e coas Asociacións que as representen, para **UNIR FORZAS** fronte ás problemáticas comúns.
- \* Comprometémonos a todo elo dende a colaboración coas asociacións e federacións de afectados e mediante o **VOLUNTARIADO SOCIAL**.

En definitiva, queremos unir vontades e esforzos para reclamar, unha vez máis, a **NORMALIZACIÓN** da Fibromialxia e do Síndrome de fatiga crónica, dacordo a unhas **GARNTÍAS MÍNIMAS** representadas nos puntos programáticos básicos e irrenunciabes asumidos polas **ASOCIACIÓNS** e **FEDERACIÓNS** nas xornadas **Codo con codo** e que se corresponden tamén coas conclusións do **Estudo EPIFAC**.

Neste **DÍA INTERNACIONAL**, tamén queremos manifestar o noso **recoñecemento** a tantas persoas que loitaron e loitan ao noso lado neste camiño cara a **NORMALIZACIÓN** e para manter a nosa **DIGNIDADE** como persoas e como pacientes.

E emprazamos a todas as persoas, entidades, sociedades científicas, colexios profesionais, administracións e responsables políticos a ser os nosos cómplices, unirse ás nosas reivindicacións e a aceptar o reto de crear **unha sociedade máis xusta e equitativa**.

**12 de Maio de 2018**

